

ACTA NÚM. 5/2020.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE XUÑO DE 2020.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de xuño de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Patricia Coence Antelo.

Pola alcaldía expónse que onte produciuse un incendio no arquivo, e queimouse documentación dos anos 1978,1979 e 1980, e que grazas á actuación do GES de Brión non se queimou a Casa do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 28.04.2020.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN, DO 22.04.2020 AO 12.06.2020.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2020-2021.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2021-2023.

8º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2020.

9º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2020.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.

11º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.

12º) MOCIÓNS.

13º) ROGOS E PREGUNTAS.

14º) SORTEO PÚBLICO DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓN AUTONÓMICAS DO 12 DE XULLO.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 28.04.2020.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 4/2020, do 28.04.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN, DO 22.04.2020 AO 12.06.2020.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
22/04/2020	00175/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020-19 ENERXÍA ELÉCTRICA
23/04/2020	00176/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/20
23/04/2020	00177/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/21 (+3.000 EUROS)
27/04/2020	00178/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº3 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19
27/04/2020	00179/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 9/2020-D e 10/2020-D
27/04/2020	00180/2020	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2019-D
28/04/2020	00181/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

		29.04.2020
28/04/2020	00182/2020	AXUDAS EMERXENCIA COVID-19 ABRIL
29/04/2020	00183/2020	DECRETO AUTORIZACION DE GASTOS DE XESTIÓN NA CONCESIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL
29/04/2020	00184/2020	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. ABRIL 2020.
29/04/2020	00185/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº4 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19
30/04/2020	00186/2020	PAGO COTAS MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA - FEBREIRO (LB/2/20) , MARZO (LB/3.20) E ABRIL 2020 (LB/4.20)
30/04/2020	00187/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020-22 CONTRATOS
05/05/2020	00188/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06.05.2020
05/05/2020	00189/2020	REQUIRIMENTO DE ACREDITACIÓN DE MELLORAS OFERTADAS NO CONTRATO DE MANTENIMENTO E REPARACIÓN DAS REDES DE ILUMINACIÓN PÚBLICA.
06/05/2020	00190/2020	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE ABRIL. MODELO IRPF 111.
07/05/2020	00191/2020	LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE URBANISMO.
07/05/2020	00192/2020	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.
07/05/2020	00193/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
07/05/2020	00194/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MANTENIMENTO E MELLORA ALDEAS MATO E BUSTO EDE FRADES E DE CAMIÑOS EN VILAR E ONS, DO POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE.
11/05/2020	00195/2020	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 05/2014-M-D
11/05/2020	00196/2020	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA X.G.L. 12.05.20
12/05/2020	00197/2020	INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN BRIGADA OBREIROS PARA 2020.
12/05/2020	00198/2020	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PERSOAL PIL 2020
12/05/2020	00199/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E REPARACIÓN DAS REDES DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO.
13/05/2020	00200/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO BASICA ABRIL
13/05/2020	00201/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA ABRIL
13/05/2020	00202/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 11/2020-D E 12/2020-D
14/05/2020	00203/2020	BAIXA SAF EXTRAORDINARIO Nº2 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19
14/05/2020	00204/2020	APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS + ADICIONAL 2/2020 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
19/05/2020	00205/2020	CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE PROTECCIÓN FRONTE AO COVID19.
19/05/2020	00206/2020	AXUDAS EMERXENCIA COVID-19- MAIO
19/05/2020	00207/2020	PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2020
19/05/2020	00208/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/23
19/05/2020	00209/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20.05.2020
20/05/2020	00210/2020	DESIGNACIÓN LOCAIS OFICIAIS PARA ACTOS DE CAMPAÑA NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 12 DE XULLO DE 2020.
20/05/2020	00211/2020	DESIGNACIÓN LUGARES PARA COLOCACIÓN PROPAGANDA ELECTORAL NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DE 12 DE XULLO DE 2020
20/05/2020	00212/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2020
20/05/2020	00213/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2020
20/05/2020	00214/2020	RECOÑECIMENTO DE EXCEDENCIA AO PERSOAL MUNICIPAL POR COIDADADO DE FAMILIAR.
20/05/2020	00215/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 03/2020
21/05/2020	00216/2020	RESOLUCIÓN PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2021-2023

22/05/2020	00217/2020	APROBACIÓN BASES PLAN DE EMPREGO LOCAL 2020.
22/05/2020	00218/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/24
25/05/2020	00219/2020	INICIO EXPEDIENTE VENDA CAMIÓN DECLARADO COMO EFECTO NON UTILIZABLE.
25/05/2020	00220/2020	CONVOCATORIA ORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 26.05.2020
26/05/2020	00221/2020	DECRETO DE ALTAS NO PADRÓN DO LIXO 2020
27/05/2020	00222/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. MAIO 2020.
27/05/2020	00223/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE AVALIACIÓN DO III PIOM E REDACCIÓN IV PIOM
27/05/2020	00224/2020	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN/INSERCIÓN 2º TRIMESTRE CURSO 2019/2020
27/05/2020	00225/2020	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ACTIVIDADES ESCOLA DE MÚSICA 2º TRIMESTRE CURSO 2019/2020
27/05/2020	00226/2020	APROBACIÓN DAS BASES PARA CONTRATACIÓN BRIGADA OBREIROS 2020.
27/05/2020	00227/2020	AUTORIZACIÓN PARA O DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS POR MEDIO DO SISTEMA DE TELETRABALLO.
27/05/2020	00228/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MAIO 2020
28/05/2020	00229/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 13/2020-D, 14/2020-D,15/2020-D,16/2020-D,09/2017-M-D; BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 12/2019-D; BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 09/2017-M
28/05/2020	00230/2020	ADSCRICIÓN DE PERSOAL E MAQUINARIA AO CONVENIO DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS CONTRA INCENDIOS 2020.
29/05/2020	00231/2020	SOLICITUDE POS + ADICIONAL 1/2020.
29/05/2020	00232/2020	ALTAS PADRON DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2020
29/05/2020	00233/2020	BAIXAS PADRON DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2020
01/06/2020	00234/2020	CORRECCIÓN RESOLUCIÓN ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 11/2020-D
01/06/2020	00235/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/25
01/06/2020	00236/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/26
02/06/2020	00237/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/28
02/06/2020	00238/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 03.06.2020
02/06/2020	00239/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/27 ENERXÍA ELÉCTRICA
04/06/2020	00240/2020	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 07/2020-D
04/06/2020	00241/2020	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 17/2020-M
04/06/2020	00242/2020	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.
04/06/2020	00243/2020	AUTORIZACIÓN PARA O DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS POR MEDIO DO SISTEMA DE TELETRABALLO.
05/06/2020	00244/2020	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE MAIO. MODELO IRPF 111
05/06/2020	00245/2020	DECRETO TAXAS MODIFICACIÓN NÚMERO PRAZAS JOHN DEERE E1427BFV
05/06/2020	00246/2020	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DE INSTALACIÓNS CULTURAI
05/06/2020	00247/2020	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DE INSTALACIÓNS CULTURAI
05/06/2020	00248/2020	AMPLIACIÓN DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DA COORDINACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES)
08/06/2020	00249/2020	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - MARZO E MAIO 2020
08/06/2020	00250/2020	DECRETO CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS NO DECRETO 245/2020 DE DATA 05.06.2020
08/06/2020	00251/2020	CONVOCATORIA 1º EXERCICIO FASE OPOSICIÓN PERSOAL GES.
08/06/2020	00252/2020	CONVOCATORIA ORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 09.06.2020
09/06/2020	00253/2020	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES)

10/06/2020	00254/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2020.
10/06/2020	00255/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 18/2020-D E 19/2020-D
11/06/2020	00256/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO (TURISMO).
11/06/2020	00257/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS PARA O 16.06.2020.
11/06/2020	00258/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) PARA O DÍA 16.06.2020.
11/06/2020	00259/2020	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 20/2020-M
12/06/2020	00260/2020	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 17.06.2020.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2019 a abril de 2020, que é do: -0,70%, polo que a actualización das tarifas será polo: - 0,60 %.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018 e 22.08.2019, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,098462 €/ m ³
Servizo de depuración	0,212468 €/ m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,098462 €/ m ³

Servizo de depuración	0,212468 €/ m ³
-----------------------	----------------------------

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	0,984637 €/abo. Mes
Depuración	2,124694 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,098462 €/abo. Mes
Servizo de depuración	0,212468 €/abo. Mes

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	363,18 €/ud
Zanxa en asfalto	405,40 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	455,45 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), que transcrita di:

Visto o informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de data 05.06.2020, no que se propón a actualización dos prezos recollidos no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do Concello, publicada no BOP do 18.04.2016, con actualizacións posteriores publicadas no BOP do 17.04.2018 e 15.04.2019, que se resume do seguinte xeito:

1. A actualización das tarifas para o curso 2020-2021 na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo IPC do mes de xuño (0,4%).
2. O axuste dos prezos resultantes de xeito que en ningún caso resulten inferiores aos determinados pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica (Resolución do 10 de maio de 2017 de actualización de prezos das escolas infantís da Xunta de Galicia e actualizacións posteriores do IPC).
3. Establecer a gratuidade para segundos/as e sucesivos/as fillos/as ao abeiro do establecido pola Xunta de Galicia para as súas escolas infantís 0-3 anos na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Visto o expediente tramitado e resultando necesario modificar a ordenanza coa actualización dos prezos e igualmente coa bonificación sinalada, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do Concello, publicada no BOP da Coruña do 18.04.2016, con actualizacións posteriores publicadas no BOP do 17.04.2018 e 15.04.2019, nos seguintes termos:

- 1.1 -. Modifícanse as tarifas do art. 7: Tarifas, que pasan a ter a seguinte redacción:

ESTABLECEMENTO DE PREZOS				
SERVIZO		XORNADA COMPLETA		MEDIA XORNADA
		8 horas/día	6 horas/día	
Atención Educativa e Asistencial		218'92 €/mes	164'20 €/mes	109'44 €/mes
Comedor	Almorzo (1-3 anos)	12'51 €/mes		
	Xantar e sesta (1-3 anos)	76'05 €/mes	Non é aplicable	
	Xantar días soltos	5'21 €/día		
	Merenda (1-3 anos)	12'51 €/mes		
Xornada Ampla	3'5 h/día	31'27 €/mes	Non é aplicable	
Material Escolar	Anual (1- 3 anos)	10'42 €/ano		5'21 €/ano

TÁBOA DE REDUCCIÓNS SOBRE PREZOS						
RENDAS		SERVIZO EDUCATIVO E ASISTENCIAL			SERVIZO DE COMEDOR	
% R.P.C. / IPREM 2020	RENDA P.C. 2020	% A ABOAR SOBRE A RENDA/mes	Xornada completa		Media xornada	% A ABOAR SOBRE O CUSTE DOS SERVIZOS/mes
			8 horas	6 horas	4 horas	
=0% >30%	=0'00 >268'92	5%	100% do resultado	75% do resultado	50% do resultado	PREZO MÍNIMO
=30% >50%						15%
=50% >75%	=268'92 >403'38	12%				20%
=75% >100%	=403'38 >537'84	16%				40%
=100% >125%	=537'84 >672'30	20%				60%
=125% >150%	=672'30 >806'76	20%				75%
=150% >175%	=806'76 >941'22	20%				85%
=175% >200%	=941'22 >1.075'68	20%				100%
=/< 200%	=/<1.075'68	20%				

TÁBOA DE PREZOS RESULTANTES						
% R.P.C. / IPREM 2020	RENDA P.C. 2020	SIN COMEDOR			CON COMEDOR	
		XORNADA COMPLETA		MEDIA XORNADA	XORNADA COMPLETA	
		8 HORAS	6 HORAS	4 HORAS	SÓ XANTAR	+ MERENDA OU ALMORZO

		(De--- a ---)	(De--- a ---)	(De--- a ---)	(De --- a ---)	(De --- a ---)
>30% IPREM	> 161'35	5'21 - 13'45	5'21 - 10'09	5'21 - 6'72	10'42-18'66	12'51-20'75
=30% >50%	=161'35 >268'92				17'45 - 24'86	19'33 - 26'74
=50% >75%	=268'92>403'38	34,91 - 48'41	26'18 - 36'30	17'45 - 24'20	52,36 - 63'62	52'62 - 66'12
=75% >100%	=403'38 >537'84	69'81 - 86'05	52'36 - 64'54	34'91 - 43'03	100'23 - 116'47	105'23 - 121'47
=100% >125%	=537'84 >672'30	112'13 - 134'46	84'10 - 100'85	56'07 - 67'23	157'76-180'09	165'27 - 187'60
=125% >150%	=672'30 >806'76	134'46 - 161'35	100'85 - 121'01	67'23 - 80'68	191'50 - 218'39	200'88 - 227'78
=150% >175%	=806'76 >941'22	161'35 - 188'24	121'01 - 141'18	80'68 - 94'12	225'99 - 252'88	236'62 - 263'51
=175% >200%	=941'22 >1.075'68	188'24 - 215'14	141'18 - 161'36	94'12 - 107'57	264'75 - 291'19	277'26 - 303'70
=/< 200%	= /<1.075'68	215'14	161'36	107'57	291'19	303'70

Independentemente do resultado obtido coa aplicación das tarifas anteriores teranse en conta as seguintes normas: Se modifica o segundo parágrafo que pasa a ter a seguinte redacción:

Establécense en calquera caso os seguintes prezos mínimos a aboar:

- Servizo educativo e asistencial: 5'21 €/mes.
- Servizo de xantar: 5'21 €/mes.
- Servizo de almorzo: 2'09 €/mes.
- Servizo de merenda: 2'09 €/mes.

1.2. Modifícase o artigo 8 que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 8. Bonificacións.

1. Para primeiros fillos/as de cada unidade familiar, e segundo as circunstancias desta, sobre o prezo resultante de aplicar o disposto no artigo anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) 20% a neno/as que pertencen a unha familia numerosa.
- b) 20% a neno/as dunha unidade familiar monoparental.
- c) 100% de desconto a familias para as que, de xeito excepcional, se emita informe dos Servizos Sociais Municipais recomendando esta medida de cara a garantir a cobertura de necesidades básicas do/a menor usuario/a ou o desenvolvemento dun proxecto de inserción para o grupo familiar, incluíndose neste suposto os casos de necesidades de horas extras puntuais en situacións urxentes ou inescusables, debidamente xustificadas.

2. Para segundos/as fillos/as e sucesivos/as da unidade familiar: 100% dos prezos correspondentes a atención educativa.

Así mesmo as unidades familiares cunha renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM, poderán diminuír esta restando ao cómputo anual xeral os importes aboados en concepto de alugueiro ou hipoteca polo uso da vivenda habitual cun límite de 3.600,00 €/ano (300,00 €/mes). A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2020-2021.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), que transcrita di:

Mediante resolución de alcaldía de data 12 de marzo do presente ano foi aprobada a liquidación do orzamento do ano 2019 da que se deu conta ao Pleno na sesión extraordinaria de 28 de abril. No informe emitido pola interventora municipal en data 11 de marzo respecto ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e volume de débeda, púxose de manifesto que esta liquidación do orzamento incumpriu coa regra de gasto ao superar o límite de gasto computable en 351.036,91 €. Por este motivo deben aplicarse as medidas reguladas nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) que consisten fundamentalmente na elaboración dun plan económico - financeiro que permita no ano en curso e no seguinte (2020 e 2021) cumprir esa regra sen esquecer os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (límite de débeda).

Considerando o anterior, esta alcaldía elaborou un plan económico - financeiro para un horizonte temporal de dous anos 2020-2021 cun carácter máis informativo e de vixilancia que correctivo posto que, como se explica no mesmo, a actual situación económico - financeira do Concello é boa como se pon de manifesto nas magnitudes orzamentarias indicadas no plan sendo obxectivo do mesmo manter esa situación para non incumplir as tres regras fiscais.

Segundo se indica no informe emitido pola interventora municipal en data 11 de Xuño o plan debe presentarse a aprobación polo Pleno no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumplimento, o sexa dende a aprobación da liquidación do exercicio 2019 (12 de marzo de 2020). Por tanto, este plan preséntase fóra de prazo, se ben isto se xustifica polas

circunstancias derivadas da COVID-19 e pola acumulación de tarefas no departamento de servizos económicos e intervención e, que subministraron boa parte dos datos económicos que se recollen nel coincidindo coas datas nas que se debe remitir unha serie de información de carácter económico a outras administracións públicas (execución trimestral do orzamento, ISPA, informes de morosidade, relación de reparos) e outras tarefas ordinarias como a tramitación de facturas cuxa paralización afectaría negativamente a variables relacionadas co cumprimento dunha das regras fiscais (débeda comercial e período medio de pagamento).

Por todo o anteriormente exposto propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Contas (Permanente de Facenda) a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o plan económico - financeiro do Concello de Brión nos termos que se indican a continuación:

“PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE BRIÓN PARA O PERÍODO 2020/2021

1. INTRODUCCIÓN

O artigo 135 da Constitución Española establece que todas as administracións públicas están sometidas ao principio de estabilidade orzamentaria e límite de endebedamento que serán obxecto de desenrolo mediante lei orgánica. A esta orde constitucional responde a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) que ten como obxecto establecer os principios rectores aos que debe someterse a política orzamentaria do sector público así como os procedementos necesarios para a súa aplicación efectiva. Estes principios son a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira e a eles se someterán todos os entes indicados no artigo 2 desa lei orgánica entre os cales están as corporacións locais (apartado 1.c).

1.1.- Estabilidade orzamentaria.

O artigo 3 LOEPSF regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea” e defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. O artigo 11 desa norma ven a instrumentar ese principio ao fixar que tanto a elaboración como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao mesmo.

1.2.- Sustentabilidade financeira.

Pola súa banda o principio de sustentabilidade financeira defínese no artigo 4 LOEPSF como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial conforme ao establecido nesta lei orgánica, a normativa sobre morosidade e a normativa europea.

Distínguese, por unha banda, a sustentabilidade na débeda pública, que se instrumentaliza no artigo 13 LOEPSF onde se regulan os límites ao volume desa débeda, medido en termos do Protocolo sobre Procedemento de Déficit Excesivo (PDE).

Por outra banda, enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pagamento (PMP) non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, que actualmente está fixado en trinta días (Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais).

1.3.- Regra de gasto.

Os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira complétanse cunha terceira regra fiscal regulada no artigo 12 da LOEPSF: a regra de gasto, establecida na normativa europea e en virtude da cal o gasto das administracións públicas non poderá incrementarse por enriba da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto (PIB). En concreto, a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento PIB de medio prazo da economía española. Aos efectos de calcular a regra de gasto, esta taxa estableceuse no 2,7% para o ano 2019; 2,9% para o exercicio 2020, o 3% no 2021, e o 3,2% no 2022 segundo o acordo adoptado polo Senado, na súa reunión do 4 de marzo de 2020, polo que aprobou de forma definitiva os obxetivos de estabilidade orzamentaria e deuda pública de 2020.

1.4.- Consecuencias do incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda e regra de gasto.

O artigo 21 LOEPSF indica que, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico - financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento desas tres regras fiscais co contido e alcance previstos nese artigo.

No informe da intervención municipal relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda na liquidación do orzamento do ano 2019, emitido en data 11 de marzo de 2020, conclúese que o Concello de Brión cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pero incumpre a regra de gasto. En consecuencia, deberán aplicarse as medidas reguladas nos artigos 21 e 23 da LOEPSF, que consisten básicamente na elaboración dun plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte (2020 e 2021) o cumprimento da regra de gasto.

2. PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas corporacións locais deberán ser aprobados polo Pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:

1º) O plan tiña que ser presentado ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, neste caso dende a data de aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2019 que foi o 12 de marzo de 2020. En virtude da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 suspendéronse os prazos administrativos.

2º) O plan tiña ser aprobado polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación. En virtude da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 suspendéronse os prazos administrativos.

3º) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4º) O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma (no caso deste concello á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro) así como á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

5ª) Este plan será obxecto da mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

3. CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico - financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais do contido antes indicado, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) que ven a establecer no seu apartado segundo o contido adicional que o plan debe presentar, tendo que incluír aló menos algunha das seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

3.1. Horizonte temporal do plan.

O obxectivo deste plan económico-financiero é lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto nos anos 2020 e 2021, de acordo co artigo 21.1 LOEPSF cando establece literalmente que *“en caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto (...)”*.

En consecuencia, este Concello, e así queda reflexado no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2021, é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2021. Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

3.2. Ámbito subxectivo do plan.

A. Axentes que constitúen a administración local, segundo establece o artigo 2.1 LOEPSF (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

Entidade local: Concello de Brión

Organismos autónomos: ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: ningún.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: ningunha.

3.3. Causas do incumprimento da regra de gasto (artigo 21.2 a) da LOEPSF).

A proposta ao Pleno desta Corporación da aprobación do presente plan económico-financieiro, de formulación obrigada, é consecuencia do resultado da avaliación do cumprimento da regra de gasto efectuado pola intervención municipal en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2019. Segundo o informe de intervención de data 11 de marzo de 2020 a liquidación do orzamento do ano 2019 non cumpre coa regra de gasto posto que o gasto computable resultante (4.268.849,67 €) é superior ao límite da regra de gasto (3.917.812,76 €) en un importe que ascende a 351.036,91€.

Para realizar un diagnóstico da situación actual, expóñense as magnitudes orzamentarias e económicas máis significativas dos tres últimos exercicios liquidados, a través das cales se pon de manifesto a situación orzamentaria e económico financeira actual deste Concello:

Evolución dos gastos:

DENOMINACION	ORN 2017	ORN 2018	variación 2017-2018	ORN 2019	variación 2018-2019
Gastos Correntes	4.678.679,14 €	4.672.246,01 €	-0,14%	4.823.260,10 €	3,23%
Gastos de Capital	630.026,42 €	534.669,09 €	-15,14%	1.412.886,49 €	164,25%
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	5.308.705,56 €	5.206.915,10 €	-1,92%	6.236.146,59 €	19,77%
activos financeiros	1.300,00 €	2.050,00 €	0,00%	3.639,30 €	0,00%
pasivos financeiros	248.994,20 €	0,00 €	-100,00%	0,00 €	0,00%
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	250.294,20 €	2.050,00 €	-99,18%	3.639,30 €	77,53%
Gasto Total	5.558.999,76 €	5.208.965,10 €	-6,30%	6.239.785,89 €	19,79%

Evolución dos ingresos:

DENOMINACIÓN	DRN 2017	DRN 2018	variacion 2017-2018	DRN 2019	variacion 2018-2019
Ingresos Correntes	5.726.044,74 €	6.702.448,80 €	17,05%	6.080.993,03 €	-9,27%

Ingresos de Capital	287.063,86 €	343.013,70 €	19,49%	324.777,07 €	-5,32%
TOTAL GASTOS NON FINANZEIROS	6.013.108,60 €	7.045.462,50 €	17,17%	6.405.770,10 €	-9,08%
activos financeiros	1.070,42 €	2.278,56 €	0,00%	2.360,66 €	0,00%
pasivos financeiros	212.352,17 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	-
TOTAL INGRESOS FINANZEIROS	213.422,59 €	2.278,56 €	0,00%	2.360,66 €	0,00%
Gasto Total	6.226.531,19 €	7.047.741,06 €	13,19%	6.408.130,76 €	-9,08%

Outras magnitudes:

	2017	2018	2019
	(€)	(€)	(€)
Resultado orzamentario axustado	569.916,81	1.722.829,25	918.572,20
Aforro neto	1.101.778,42	1.950.083,59	1.194.445,52
Estabilidade orzamentaria	716.660,85	1.899.521,44	69.939,09
Cumprimento/incumprimento da regra de gasto	10.005,07	34.451,95	-351.036,91
Remanente de tesouraría	2.864.923,09	4.703.739,05	4.897.677,72
RTGG ⁽¹⁾	2.619.320,61	4.418.480,75	4.618.236,06
RTGFA ⁽²⁾	8.533,67	37.753,86	20.982,19
Saldo de tesouraría a 31 de decembro	3.106.301,76	4.663.814,03	4.771.617,11
Volume de débeda viva en termos PDE	0	0	0
Volume de débeda en termos do art. 53 TRLHL	11,15%	9,53%	10,50%
Período medio de pagamento a 31 de decembro		0,85 días	8,89 días

(1) RTGG: remanente de tesouraría para gastos xerais

(2) RTGFA: remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado

Primeiramente debe indicarse que no cálculo do límite de gasto non financeiro soamente se teñen en conta os ingresos maiores ou menores derivados exclusivamente de cambios normativos (modificación dos tipos de gravame, das bonificacións fiscais, etc...), ben sexa a través das ordenanzas fiscais ou ben doutras normas estatais ou autonómicas que afecten ao tributos municipais. No 2018 obtivéronse maiores ingresos desas características por importe de 11.021,80 €. Tendo en conta que a causa que deu lugar á elaboración deste plan económico-financiero é o incumprimento da regra de gasto, será nos gastos onde deberán analizarse as causas dese incumprimento.

Procedemos, por tanto, á análise dos capítulos de gastos:

CAPÍTULO	GASTOS	LIQUIDACIÓN N 2016	LIQUIDACIÓN N 2017	Variación 2016 - 2017	LIQUIDACIÓN N 2018	Variación 2017 - 2018	LIQUIDACIÓN N 2019	Variación 2018 - 2019
1	Gastos de personal	1.930.211,69	2.087.350,79	8,14%	1.991.444,50	-4,59%	2.049.255,57	2,90%
2	Compra de bienes y servicios	1.767.120,12	1.927.326,39	9,07%	2.194.067,08	13,84%	2.292.319,41	4,48%
3	Gastos financieros	53.652,56	118.258,39	120,42 %	552,90	-99,53%	558,16	0,95%
4	Transferencias corrientes	415.214,65	545.743,57	31,44 %	486.181,53	-10,91%	481.126,96	-1,04%
5	Fondo de Contingencia							
6	Inversiones reales	573.579,58	630.026,42	9,84%	534.669,09	-15,14%	1.412.886,49	164,25%
7	Transferencias de capital	50.000,00						
8	Activos financieros	1.500,00	1.300,00	-13,33 %	2.050,00	57,69%	3.639,30	77,53%
9	Pasivos financieros	272.548,33	248.994,20	-8,64%				
	TOTALES	5.063.826,93	5.558.999,76	9,78%	5.208.965,10	-6,30%	6.239.785,89	19,79%

Pódese observar que o capítulo que sufriu un forte e puntual incremento foi o Capítulo VI de Inversións Reais que sumou un total de 1.412.886, 49 € de obrigacións recoñecidas, das cales só 666.824,53 € estiveron financiadas con fondos finalistas. O proxecto de investimento máis importante cuantitativamente foi o de “ Camiño de Mourentáns a Pousada de Abaixo por Forxán e outros” cuxas obrigacións recoñecidas ascenderon a 414.055,80 € financiado con remanente de tesourería para gastos xerais. Nese capítulo VI a evolución dos remanentes de crédito foi a seguinte:

	2016	2017	2018	2019
REMANENTES INCORPORADOS	0	130.618,84	88.182,05	813.082,32
OR CON CARGO A REMANENTES	0	130.618,84	72.714,92	564.858,69

No exercicio 2019 os remanentes incorporados ao Capítulo VI foron financiados con: Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 624.462,35 € e por compromisos de ingresos por importe de 188.619, 97 €.

Neste exercicio 2020 os remanentes incorporados ao capítulo VI ascenden a 362.713,24 €, unha contía significativamente inferior á do exercicio 2019, financiadas con compromisos de ingresos por importe de 297.350,93 € e por remanente líquido de tesourería por importe de 65.362,31 €.

Por outra parte, convén comentar as seguintes magnitudes:

En primeiro lugar, tanto o **resultado orzamentario**, como o **aforro neto** alcanzaron cifras positivas nos exercicios 2017, 2018 e 2019. Isto indica que os ingresos superaron os gastos en cada un deses exercicios. Isto refórzase co superávit orzamentario en termos de capacidade de financiamento obtido nas liquidacións deses anos cumpríndose así o obxectivo de **estabilidade orzamentaria**.

No que se refire á **regra de gasto**, cumpriuse este obxectivo no 2017 e 2018 fronte á cifra negativa do 2019 que deu lugar a elaboración deste plan económico-financeiro.

Polo que respecta ao remanente de tesouraría hai que destacar que se mantén en cifras cada ano máis elevadas, xa que se incrementa ano a ano a pesar que de no 2019 se financiou con remanente o proxecto mencionado anteriormente de “ Camiño de Mourentáns a Pousada de Abaixo por Forxán e outros” por un importe de 414.055,80 €. Esta magnitude, aínda que a nivel contable e orzamentario ten a natureza dun activo financeiro, reflicte o aforro que xera unha entidade local ao longo de varios exercicios. De feito, a meirande parte dese remanente materializouse en fondos líquidos o que explica os elevados saldos da tesouraría a 31 de decembro. Debe lembrarse que o remanente de tesouraría pode ser unha fonte de financiamento de gastos en exercicios futuros sen necesidade de acudir ao endebedamento ou a outros ingresos non financeiros do correspondente exercicio. A isto se engade a incorporación obrigatoria de remanentes de crédito que son financiados co remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado (RTGFA) por importe de 8.664,78 € e que ten a mesma natureza de ingreso financeiro que o RTGG.

Finalmente, no que se refire ás magnitudes relacionadas co obxectivo de **sustentabilidade financeira** no período 2017-2019, ponse manifesto o seguinte:

- O volume de **débeda en termos PDE** é 0% posto que non se teñen en conta os préstamos doutras administracións públicas que son as únicas débedas vivas que actualmente ten o Concello de Brión (PAI 2015, PAI 2016 e POS+ 2017 da Deputación Provincial de A Coruña).
- O volume de **débeda nos termos do artigo 53** do Real Decreto Lexislativo2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLHL) é notablemente inferior aos límites fixados nese artigo (110%) e na disposición adicional decimo cuarta do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, para autorizar operacións de endebedamento (75%).
- Respecto a **débeda comercial**, o **período medio de pagamento** calculado no último trimestre dos anos 2017, 2018 e 2019 sitúase por debaixo do prazo máximo de trinta días.

Da análise da información anterior conclúese que a situación económico-financeira do concello non ten problemas estruturais posto que, salvo no cumprimento da regra de gasto no ano 2019, as demais magnitudes foron positivas e/ou non superaron os límites fixados na LOEPSF.

3.4. Previsións tendenciais de ingresos e gastos (artigo 21.2 b) da LOEPSF)

Dada a situación económica actual, fórmulanse as seguintes previsións tendenciais de ingresos e gastos por capítulos para os anos 2020 e 2021, que son os anos de vixencia deste plan:

A) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS INGRESOS (estimación de dereitos recoñecidos netos a 31/12):

ESTADO DE INGRESOS	DRN estimados 2020 (€)	DRN estimados 2021(€)
1. Impostos directos	1.792.071,16	1.897.880,67
2. Impostos indirectos	64.962,22	68.533,29
3. Taxas e outros ingresos	1.175.268,25	1.239.874,42
4. Transferencias correntes	2.323.630,78	2.451.364,08
5. Ingresos patrimoniais	3.020,51	3.186,55

Total ingresos correntes	5.358.952,91	5.660.839,00
6. Alleamento invest. Reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	537.575,11	365.960,13
Total ingresos de capital	537.575,11	365.960,13
TOTAL INGRESOS NON FINANC.	5.896.528,01	6.026.799,13
8. Activos financeiros	1.903,55	1.903,55
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS FINANC.	1.903,55	1.903,55
TOTAL	5.898.431,56	6.028.702,68

B) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS GASTOS (estimación de obrigas recoñecidas netas a 31/12):

ESTADO DE GASTOS	ORN estimadas 2020 (€)	ORN estimadas 2021 (€)
1. Gastos de Personal	2.287.319,65	2.339.928,01
2. Bens e seivicios correntes	2.303.114,30	2.349.176,59
3. Gastos financeiros	2.391,88	2.439,72
4. Transferencias correntes	496.257,33	506.182,47
Total gastos correntes	5.089.083,17	5.197.726,79
6. Inverimentos reais	783.301,12	811.407,51
7. Transferencias de capital	0,00	0,00
Total gastos de capital	783.301,12	811.407,51
TOTAL GASTOS NON FINANC.	5.872.384,29	6.009.134,30
8. Activos financeiros	3.000,00	3.000,00
9. Pasivos financeiros	0,00	42.910,71
TOTAL GASTOS FINANC.	3.000,00	45.910,71
TOTAL	5.875.384,29	6.055.045,01

Estas estimacións tomaron como punto de partida as liquidacións dos anos 2017, 2018 e 2019.

INGRESOS.- Efectuáronse estimacións a partir das medias do grado de execución dos anos 2017 a 2019 se ben realizando algúns axustes. Así, na elaboración das previsións definitivas

dos Capítulos VII e VIII tomouse directamente o dato actual (894.053,71 €, 98.027,09 €, respectivamente), xa que é superior ao que resultaría de aplicar a media dos últimos tres anos.

Para calcular os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I-V aplicouse, en virtude do principio de prudencia, un coeficiente do 87,50% no 2020 e do 90,50% no 2021 sobre a estimación das previsións definitivas, inferior á media dos últimos 3 anos, e baseándonos na crise derivada da COVID-19.

O capítulo 8 recolle as devolucións de anticipos a funcionarios. A súa contía soe ser moi reducida e ao tratarse dun ingreso financeiro que non ten relevancia no cálculo da regra de gasto e a estabilidade orzamentaria estimouse coa media dos DRN dos últimos 3 anos.

Respecto ao capítulo 9, o importe é cero posto que non está previsto concertar operacións de endebedamento nos anos 2020 e 2021.

GASTOS.- Tamén se tivo en conta o grado de execución dos gastos dos exercicios 2017 a 2019.

Para estimar os créditos definitivos do Capítulo IV aplicouse un 100 % sobre os créditos iniciais, por prudencia, xa que a media é de 97,18 %

Para estimar as obrigas recoñecidas netas do Capítulo VI aplicouse un porcentaxe do 46,22 %, superior ao que resulta da media dos últimos 3 anos (45,64 %), unha vez descontadas as incorporacións de remanentes e as obrigas recoñecidas con cargo a ditos remanentes, xa que é a causa fundamental que levou a incumplir a regra do gasto.

Agora ben, tendo en conta que neste exercicio orzamentario 2020 levaronse a cabo incorporacións de remanentes por importe de 362.713,24 € (financiadas con compromisos de ingresos por importe de 297.350,93 € e por remanente líquido de tesourería por importe de 65.362,31 €) e estímase que se recoñezan obrigas con cargo a devanditos remanentes polo devandito importe, levarase un control exhaustivo da execución dos demais investimentos para que non superen o importe estimado por este PEF para as obrigacións recoñecidas netas no devandito capítulo (783.301,12 €).

Non se prevé realizar gastos en transferencias de capital (capítulo 7) nos anos 2020 e 2021.

O capítulo 8 recolle gastos por anticipos a funcionarios. A súa contía estimouse con importe de 3.000 € pola mesma razón que se explicou nos ingresos.

Os pasivos financeiros calculáronse de acordo co plan de amortización da débeda. No ano 2020 non está previsto amortizar deuda, e no exercicio 2021 está previsto amortizar: 42.910,71€.

Con estes datos, os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública quedarían como segue:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	2019	2020	2021
Ingresos non financeiros	6.405.770,10	5.896.528,01	6.026.799,13
Gastos non financeiros	6.236.146,59	5.872.384,29	6.009.134,30
Capacidade/Necesidade fin. sen axustes	169.623,51	24.143,72	17.664,84
Axustes SEC	-99.684,42	-14.610,11	-11.183,01

Capacidade/Nec. fin. despois axustes	69.939,09	9.533,61	6.481,83
---	------------------	-----------------	-----------------

3.5. Medidas concretas que se propoñen para o plan económico financeiro do concello de Brión para o período 2020-2021(artigo 21.2 c) da LOEPSF e artigo 9.2 a) da orde HAP/2105/2012)

Do exposto no apartado anterior conclúese que a situación económico financeira do Concello de Brión non presenta ningún problema estrutural que obrigue a adoptar medidas extraordinarias de redución do gasto ou incremento dos ingresos máis aló dun control da execución dos orzamentos dos anos 2020 e 2021 que permita cumprir coas tres regras fiscais. O contrario suporía liquidar eses orzamentos con un remanente de tesouraría para gastos xerais máis elevado e cuns maiores fondos líquidos. Tendo en conta que a utilización dese RTGG como fondo de financiamento do gasto está limitada polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, estaríamos ante un uso non eficiente dos fondos públicos.

En consecuencia, a medida a adoptar con este plan será a de executar os orzamentos dos exercicios 2020 e 2021 mantendo un control e supervisión dos gastos non financeiros de xeito que non se supere o límite de gasto computable fixado no sub-apartado seguinte. Para iso terase en conta a información da execución trimestral dos orzamentos de xeito que ante calquera alerta que indique un risco de incumprimento dalgunha das regras fiscais, adoptaranse medidas puntuais de axuste no gasto a fin de cumprir cos obxectivos do plan (declaracións de non dispoñibilidade, redución dos presupostos de determinados servizos ou actividades, pospoñer gastos non prioritarios, etc...).

Por último, en relación ao contido adicional que o artigo 116.bis na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) ven a fixar para o plan económico financeiro, non se considera necesario adoptar ningunha das medidas indicadas no apartado 2 dese artigo posto que, como se indicou antes, a situación económica deste concello non presenta ningún problema estrutural e resulta suficiente a medida explicada no parágrafo anterior.

3.6. Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias (artigo 21.2 d) LOEPSF e artigo 9.2 c) da Orde HAP/2105/2012)

Tendo en conta as previsións tendenciais de ingresos e gastos expostas no apartado 3.4, prevese a seguinte evolución das principais magnitudes orzamentarias para os anos 2020 e 2021:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	2019	2020	2021
Ingresos non financeiros	6.405.770,10	5.896.528,01	6.026.799,13
Gastos non financeiros	6.236.146,59	5.872.384,29	6.009.134,30
Capacidade/Necesidade fin. sen axustes	169.623,51	24.143,72	17.664,84
Axustes SEC	-99.684,42	-14.610,11	-11.183,01
Capacidade/Nec. fin. despois axustes	69.939,09	9.533,61	6.481,83

REGRA DE GASTO	2020	2021
a) Gasto computable liquidación ejercicio anterior	4.268.849,67 €	4.392.614,51 €
b) Taxa referencia	2,90%	3,00%
c) Aumentos e diminucións (art.12.4 LOEPSF)	0,00 €	0,00 €
d) Límite regra de gasto (a x (1+b)+/-c)	4.392.646,31 €	4.524.392,95 €
e) Gasto computable do exercicio	4.392.614,51 €	4.524.262,38 €
Cumprimento/incumprimento da regra de gasto	31,80 €	130,57 €

SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA	2020	2021
Dereitos recoñecidos netos correntes	5.358.952,91 €	5.660.839,00 €
Axustes D.F. 1ª LPGE 2013	0,00 €	0,00 €
Dereitos recoñecidos netos axustados	5.358.952,91 €	5.660.839,00 €
Débeda segundo PDE	0,00 €	0,00 €
Coefficiente de endebedamento	0,00%	0,00%

DÉBEDA COMERCIAL E PMP	2020	2021
Débeda comercial corrente	0,00 €	0,00 €
Débeda comercial pechados	0,00 €	0,00 €
Saldo conta 413	7.575,35 €	7.575,35 €
Total débeda comercial	7.575,35 €	7.575,35 €
Período medio de pagamento	17,19	20,00

	2020	2021
DER. REC. (cap 1 ao 5)	5.358.952,91	5.660.839,00
OBRIG. REC. (cap. 1,2, e 4)	5.089.083,17	5.197.726,79
AFORRO BRUTO	269.869,74	463.112,21

ANUALIDADE TEORICA DE AMORTIZACIÓN	63.845,57	63.845,57
AFORRO NETO	206.024,17	399.266,64
OBR. REC. FINANC. RLTGG	65.362,31	0,00
AFORRO NETO AXUSTADO	271.386,48	399.266,64
DÉBEDA VIVA	638.455,66	595.544,95
VOLUME ENDEBEDAM.	11,91%	10,52%

4. CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, fórmulanse as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola intervención municipal en relación á liquidación do exercicio 2019 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.
- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta alcaldía elaborou o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo pleno.
- Da análise da situación do económica do concello non se aprecian problemas estruturais e tendo en conta que a previsión tendencial é o cumprimento das regras fiscais, as medidas a adoptar limitáanse ao compromiso de non incumprir a regra de gasto nos exercicios 2020 e 2021 respectando os límites fixados no apartado 3.6 deste plan e adoptando medidas puntuais de axuste cando se constate algún risco de incumprimento”.

Segundo.- En cumprimento do previsto no artigo 23 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira e no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, facer pública a súa aprobación no Boletín Oficial da Provincia, con efectos exclusivamente informativos. O Plan estará a disposición do público no portal de transparencia do Concello de Brión, desde a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia.

Terceiro.- O documento aprobado, debe ser a incorporado á plataforma do MINHAC, co aplicativo habilitado (PEFEL2), que facilita a súa incorporación dando así cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012 e artigo 116 bis da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e será remitido ao órgano de tutela financeira da Comunidade Autónoma para o seu coñecemento.

Debate:

Pola alcaldía exponse que superamos a regra de gasto en 350.000 euros polo que temos que facer un plan económico - financeiro; que o único que facemos é prometer ser bos e cumprir para o ano, porque todos os datos do Concello son positivos, non temos que subir impostos nin deixar de facer cousas; esperamos que nos deixen gastar o remanente no que queiramos e necesitemos como di a FEMP, e quero recordar que os cartos que deu Europa para as comunidades autónomas e para o Estado, aos concellos nos toca o 17%, pero queremos saber onde está ese 17%, porque nós nos imos pagar isto do covid-19 cos nosos cartos; non temos feito nada para autónomos porque non é competencia nosa, pero a Deputación está a facer unha ordenanza para isto na que participaremos para axudar aos autónomos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa se coñece a postura do BNG respecto destas normas da regra do gasto; respecto do plan entendemos que hai que facelo, porque hai unha desviación presupostaria e hai que facelo; engade que os cartos son nosos e debemos poder dispor deses cartos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, que transcrita di:

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local do Concello en sesión do 11.02.2020, adoptou o seguinte acordo: “ O Concello de Brión está adherido ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Con data 13 de xuño de 2019, Seaga en virtude do establecido no devandito Convenio de colaboración, remitiu ao Concello un Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión elaborado pola Seaga.

Visto o artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que dispón: A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compete aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

Examinada a documentación que conforma o Plan, ao abeiro das competencias desta alcaldía segundo o art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión, presentado por Seaga no Concello con data 13 xuño de 2019.

2º) Abrir un período de información pública durante un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello. Durante o devandito prazo quedará o expediente a disposición de calquera persoa ao obxecto de que se poidan formular as suxestións, observacións ou alegacións que se estimen pertinentes.

3º) Solicitar informe preceptivo e vinculante á Dirección Xeral de Defensa do Monte como órgano competente en materia forestal, con carácter previo a súa aprobación definitiva.”

2. O expediente foi sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP do 19.02.2020, poidendo ser consultado tamén na páxina web do Concello.

3. Dentro do prazo de exposición pública presentouse con data 27.02.2020 escrito de alegacións por parte do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, alegando en esencia:

- Incumprimento do requisito de autoría.
- Incumprimento da normativa de emerxencias.
- Incumprimento do contido do propio Plan.

4. O día 02.03.2020 se recibe no Concello da Dirección Xeral de Defensa do Monte o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais asinado por técnicos forestais competentes.

5. Con data 04.03.2020 se recibe no Concello o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Defensa do Monte, no que se sinala:

“ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO COLEXIO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA.

En resposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Brión estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello, sen que se propoña ningún cambio pola súa parte.

En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houber.

INFORME

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello Brión cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

En consecuencia, en vista do exposto anteriormente, esta Subdirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Brión, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.””

Rematado o prazo de exposición pública, logo da súa reanudación con data 01.06.2020, por mor da interrupción producida por mor do disposto na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Rexeitar o escrito de alegacións presentado consonte co informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte transcrito.

2º) Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión elaborado pola Seaga.

3º) Remitir certificación deste acordo á Dirección de Defensa do Monte para o seu coñecemento e efectos.

4º) Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, procede publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aprobación do Plan.

5º) Notificar este acordo ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que hai que ir dando pasos para ir complementándoo, incluíndo as vivendas unifamiliares e aos negocios, e mediante iniciativas que poden influír na riqueza patrimonial, así por exemplo limpeza de montes con restos arqueolóxicos.

O Sr. Alcalde sinala que todo se pode mellorar, é un plan moi optimista, son quilómetros e quilómetros de franxas, e aquí o 100% do monte é privado, e haberá que intentar chegar a acordos cos veciños no tema das mámoas; que cargar todo isto aos concellos paréceme inxusto, se poderá complementar na medida das nosas posibilidades, habería que cortar medio concello aquí, medio en Ames, medio en Teo, etc.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2021-2023.

Dada conta do plan orzamentario a medio prazo 2021-2023, aprobado por resolución da alcaldía do 21.05.2020, para os efectos de que o ministerio poida facer as previsións de déficit

para eses anos, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2020.

Dada conta do decreto da alcaldía do 29.05.2020, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, que transcrito di:

Vista a CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020" PARA REGULAR O POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E O POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTO CORRENTE/INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, e concretamente a CIRCULAR ESPECIFICA RELATIVA AO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19, remitida pola Deputación da Coruña, de data 30.04.2020, pola que se asigna a este Concello a cantidade de: 39.772,46 euros, que debe destinarse polo Concello unicamente ao financiamento das prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo.

Consonte co disposto na base 12.4. deste Plan publicada no BOP do 05.05.2020, **resolvo:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	39.772,46 €
---	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	24.280 €	19.200 €	5.080 €

b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	12.480 €	9.600 €	2.880 €
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	1.500 €		1.500 €
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	10.500 €		10.500 €
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes	21.000 €		21.000 €
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
TOTAL	69.760 €	28.800 €	40.960 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do decreto nos seus propios termos.

9º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2020.

Dada conta do decreto da alcaldía do 14.05.2020, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, que transcrito di:

Vista a CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020" PARA REGULAR O POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E O POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTO CORRENTE/INVESTIMENTOS FINANZEIRAMENTE SOSTIBLES, e concretamente a CIRCULAR ESPECIFICA RELATIVA AO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANZEIRAMENTE SOSTIBLES, remitida pola Deputación da Coruña, de data 30.04.2020, pola que se asigna a este Concello a cantidade de: 149.146,74 euros, que pode ser destinada polo Concello a gastos correntes, a investimentos financeiramente sostibles, ou aos dous conceptos, podendo solicitar a aplicación desta achega provincial ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo Concello no Plan Complementario ao POS+2020, opción recomendada porque simplifica a tramitación, aínda que tamén se pode solicitar outros investimentos financeiramente sostibles.

Facultada expresamente esta alcaldía por acordo do Pleno do 18.12.2019, de aprobación do POS+2020, para todo o relacionado coa tramitación e xestión dese acordo e do correspondente expediente, e consonte co disposto na base 13.4. deste Plan publicada no BOP do 05.05.2020, resolvo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2020**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	2.371,84

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.	146.774,90		146.774,90
TOTAL	146.774,90	0	146.774,90

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	2.371,84		2.371,84
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	146.774,90	0	146.774,90
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0	0	0
TOTAL	149.146,74	0	149.146,74

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do decreto nos seus propios termos.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

11º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

12º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia do seguinte asunto:

12.1. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO EJERCICIO 2019 DO CONCELLO.

Dada conta do informe sinalado, asinado pola interventora con data 30.04.2020, no que se sinalan as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción:

As conclusións e recomendacións sinaladas no apartado III poñen de manifesto as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción elaborado polo Presidente da Corporación:

1º) Levar a cabo unha oportuna previsión e planificación que permita efectuar, en todo gasto, a súa correspondente proposta de gasto e iniciar os trámites para a contratación polo procedemento adecuado conforme a Lei 9/2017 desas prestacións e, si non son suficientes os medios persoais e técnicos, especialmente en contratos de maior complexidade técnica sería moi conveniente poder contar coa asistencia doutras administracións superiores.

2º) Elaborar un plan estratéxico de subvencións para unha adecuada planificación e xestión das mesmas.

O Pleno toma coñecemento.

13º) ROGOS E PREGUNTAS.

13.1. Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG:

1. A pandemia que estamos a sufrir provocou cambios e efectos negativos en moitos sectores da nosa sociedade e da nosa vida. Entre os sectores afectados está todo o relacionado coa cultura, tanto a produción como o desfrute social da mesma. Xa van alá meses sen poder asistir a concertos, representacións teatrais, festas populares, etc. Tamén os profesionais do sector, do que en Brión temos unha representación ampla e variada, sofren a inactividade e a perda de ingresos.

Consideramos que o Concello debe tomar a iniciativa para facilitar á veciñanza de todas as idades o acceso á cultura nos formatos que as normas sanitarias e a debida protección da saúde determinen. Tamén debe o Concello apoiar a actividade das persoas que en Brión se dedican á creación de contidos culturais entendido isto nun sentido amplo: música, teatro, artesanía, narración oral, etc.

Sabemos que na situación actual a celebración das festas nas parroquias vai ser moi complicada. Por isto propoñemos que o Concello de Brión, en contacto coas comisións de festas e a veciñanza das parroquias, poña en marcha un programa de celebracións, en formato axeitado ás circunstancias actuais, con música, espectáculos, artesanía, comercio de produtos de proximidade...

Desta maneira os veciños e veciñas das distintas parroquias de Brión poderán ter o seu punto de encontro e celebración ao tempo que potenciamos a economía local e o coñecemento e orgullo das creacións dos nosos propios veciños e veciñas.

Para isto instamos ao goberno municipal a reunirse cos sectores implicados e artellar estas actividades, sen dúbida máis necesarias que nunca.

2. A situación actual de incerteza a todos os niveis preocupa especialmente ás familias con nenos e nenas en idade escolar que non saben en que condicións van poder asistir o alumnado ás clases para o curso que vén. As competencias e a maior responsabilidade nesta cuestión recae na Xunta de Galiza pero o Concello ten tamén responsabilidades directas e indirectas no tema.

Preguntamos:

1. O Concello de Brión fixo algún plan para, en función doas distintas circunstancias que se poidan presentar, reforzar os servizos de limpeza nos centros de infantil e o colexio de primaria e aumentar a seguridade e a saúde das nenas e nenos de Brión?

A Srª Concelleira Cebal Gómez responde que somos coñecedores que é un sector moi afectado pola pandemia; se fixo unha reprogramación para mantelos e non perdelos, e haberá actuacións con novos contidos para a veciñanza, celebraranse de xeito ordenando e seguro espectáculos, faremos reunións coas comisións para na medida do posible facer pequenos actos, que os protocolos non están moi claros, que o programa noite de cine está programado e nos servirá como modelo.

Engade que en Andalucía prohibíronse as festas, aquí a Xunta di que decidan os concellos aínda que non sabemos nada, iremos facendo pequenos actos, e a ver se para Santa Minia hai algún protocolo da Xunta porque unha pulpeira con vinte persoas non se pode poñer.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que paréceme ben as reunións cos sectores afectados.

2. Instamos ao goberno municipal a poñer en marcha dunha vez o Consello Escolar Municipal e desde este organismo, coa participación directa da sociedade, analizar as necesidades máis urxentes e impulsar as medidas máis acaídas para superar o mellor posible a situación.

A Srª Concelleira Cebral Gómez responde que o Concello hai tempo iniciou o expediente, e que a elección dunha parte da súa composición corresponde aos sindicatos a súa designación, e por iso non se iniciou aínda.

Respecto da limpeza estamos estudando coa empresa do CEIP e da escola infantil dos Ánxeles para que fagan un servizo extraordinario en xullo, adaptación de horarios, etc; se encargaron dispensadores de xel, xabóns, etc, e estamos á espera das normas da Xunta porque non se sabe aínda.

O Sr. Alcalde engade respecto do tema do Consello Escolar que nós lle contestamos a quen se dirixiu a nós que había que facelo como di a normativa e estamos pendentes de que o fagan; que o director do CEIP díxonos que se ía facer desa maneira e se lle dixo que non, que había que facelo como di a normativa, xa llo comunicamos e dixeron que non o aceptan, entón non ten sentido.

Engade que non sabemos cantas limpeza haberá que facer, e no tema das limpeza temos reunións constantes para cumprir a normativa sen ningún tipo de dúbida.

13.2. Rogos e preguntas do grupo municipal do PP:

- Se xa está restablecido o servizo de atención ao fogar, ou de ser o contrario cando se ten previsto restablecer o mesmo.

Responde o Sr. Alcalde que eu saiba non se suspendeu para nada desde 1985 que comezou, nada, non se suspendeu nunca; efectivamente algunhas persoas tiñan medo a que se fora a súa casa ou algunha que dixo que estaba o seu fillo na casa e o que se fixo foi dalo ao que estaba na lista de agarda que o necesitaba.

- Se se aumentaron as horas de asistencia ao servizo de atención ao fogar.

Responde o Sr. Alcalde que si se reforzaron sobre todo a aquelas persoas que estaban en centros de día e viñeron para a casa, e tamén a persoas afectadas polo covid.

- Se se están usando as horas asignadas pola Xunta de Galicia para a asistencia do servizo de atención ao fogar.

Responde o Sr. Alcalde que si, por suposto que se está a atender a todas as persoas que o necesitan, non temos a ninguén en lista de agarda.

- Téndose coñecemento de que se vai a iniciar por parte do Concello dos servizos de limpeza das cunetas e espazos verdes, cando se ten previsto o inicio e se se van a realizar as limpeza dos campos da festa como o caso dos Ánxeles, o campo de fútbol de Cornanda, ou a maleza a que está preto dos postes do tendido eléctrico do alumado público que está preto do cableado é un criadeiro de abellas, avespas, etc ., por poñer uns exemplos.

Responde o Sr. Alcalde que respecto da última pregunta se se refire vostede á fotografía que xunta, é o propietario o que ten que coidalos, e límpalos, mantelos en estado de boa conservación; engade que non vamos co mesmo adianto doutros anos e comeza mañá a selección do persoal e están tamén os da brigada traballando, que sempre estiveron traballando, e tamén os do PIL para limpeza de áreas, e así semana tras semana de arriba para abaixo cortando a herba.

14º) SORTEO PÚBLICO DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 12 DE XULLO.

Realizado o sorteo público ao abeiro do disposto no art. 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para a constitución das mesas electorais para as próximas eleccións autonómicas do 12 de xullo, as mesmas quedan compostas do seguinte xeito:

Distrito: 01 Sección: 001 Mesa: A
Centro Social Polivalente de Pedrouzos

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
LORENZO	MENDEZ	MARIA BEGOÑA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
GOMEZ	CALVO	ALEJANDRO	1º. VOGAL 1er VOCAL
BARBAZAN	PEREIRA	CELIA MANUELA	2º VOGAL 2º VOCAL
GARCIA	REY	DAVID	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
ESPARIS	AGRA	JUAN CARLOS	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
BLANCO	VILACOBA	NATALIA	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
RODRIGUEZ	NUÑEZ	CLARA CRISTELA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
LOPEZ	FREIRE	ALBERTE XOSE	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
VIEIRO	FERNANDEZ	INES	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 01 Sección: 001 Mesa: B
Centro Social Polivalente de Pedrouzos

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
SANCHEZ	POZA	MARIA DEL CARMEN	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
SERRAMITO	RODRIGUEZ	MARIA JOSE	1º. VOGAL 1er VOCAL
ALONSO	CASEIRO	ALEXANDRE	2º VOGAL 2º VOCAL
BARREIROS	FORMOSO	JUAN JOSE	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
RIBERA	RODRIGUEZ	DANIEL	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
ROSALES	VARELA	JOSE MANUEL	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
MAILHE	CARIZO	CINTIA SILVINA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
ZAS	MAREQUE	JOSE LUIS	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
RAÑA	PEILLET	ROBERTO	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 02 Sección: 001 Mesa: A
Escola de Educación Infantil dos Ánxeles

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
CAAMAÑO	GOMEZ	MARIA ADELINA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
PAMPIN	PAMPIN	LORENA	1º. VOGAL 1er VOCAL
BOUZAS	NIMO	OLALLA	2º VOGAL 2º VOCAL
RODRIGUEZ	SUAREZ	LAURA	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
SAMBADE	VAZQUEZ	ROSALIA	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
NIETO	BRAÑAS	MARIA MERCEDES	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
RODIÑO	VAZQUEZ	LUCAS	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
SAN MARTIN	VAZQUEZ	ANA	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
FERNANDEZ	GONZALEZ	ISABEL	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 02 Sección: 001 Mesa: B
Escola de Educación Infantil dos Ánxeles

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
MARTINEZ	ALBA	DIMAS	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
RAMOS	MARTINEZ	ANA MARIA	1º. VOGAL 1er VOCAL
SALGADO	PAIS	ALFONSO	2º VOGAL 2º VOCAL
GARRIDO	MIRANDA	ALBERTO	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
ALVAREZ	PEREZ	ANDREA	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
OJEA	ALONSO	LORENZO HERNANDO	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
PATRON	PEREZ	JOSE MANUEL	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
DIAZ	PEREIRO	SONIA	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
PAZ	FERNANDEZ	ALBA	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 02 Sección: 002 Mesa: A
Escola de Educación Infantil dos Ánxeles

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
GARCIA	CASTRO	MARIA ANGELES	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
FERREIRO	IGLESIAS	SANTIAGO	1º. VOGAL 1er VOCAL
ORTEGA	GOMEZ	LEANDRO ARIEL	2º VOGAL 2º VOCAL
PARDAL	PARDAL	NATIVIDAD	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
FERNANDEZ	PAZOS	MARGARITA	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
GAGO	CAJUSO	CARLOTA	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
LOPEZ	SANCHEZ	JUAN MANUEL	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
SUAREZ	NOYA	MIGUEL	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
DARRIBA	FORTES	ALEXANDRA	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 02 Sección: 002 Mesa: B
Escola de Educación Infantil dos Ánxeles

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
LENCE	PAZ	ADRIAN	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
POUSO	RIOS	MARIA	1º. VOGAL 1er VOCAL
MARTINEZ	MONTES	MARIA JESUS	2º VOGAL 2º VOCAL
RODRIGUEZ	BELLO	ALICIA	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
GONZALEZ	LORENZO	ALBERTO	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
CORTINA	GIL	MARIA DOLORES	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente

CAAMAÑO	GEORGE	GRISELANDREA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
SEOANE	LIÑARES	JAVIER	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
GOMEZ-REINO	GARRIDO	MARIA JESUS	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 03 Sección: 001 Mesa: A
Escola de Educación Infantil de Sabaxáns

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
PREGO	FREIRE	CARLOS	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
NUÑEZ	CASTILLO	LORENA	1º. VOGAL 1er VOCAL
BUSTELO	CANCELO	ESTEFANIA	2º VOGAL 2º VOCAL
FERRO	TRONCEDA	SARA	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
LAGO	FERRO	GONZALO	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
CASTRO	FERNANDEZ	ALFONSO	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
GONZALEZ	RODRIGUEZ	GABRIEL	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
REGUEIRO	VILLAR	ANA BELEN	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
CASTRO	CASAL	PABLO	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 03 Sección: 001 Mesa: B
Sindicato Agrícola de San Salvador

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
AVILA	MANCEBO	MARINA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
ANICETO	FERREIRO	MIGUEL	1º. VOGAL 1er VOCAL
REY	FERNANDEZ	SANDRA	2º VOGAL 2º VOCAL
MERELAS	CARRO	NOEMI	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
RODRIGUEZ	PAZOS	PABLO	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
BARROS	BUENO	RAMON	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
SANCHEZ	GESTO	ALFREDO	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente
MUIÑO	PEGO	ANA BELEN	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente
LOSADA	ABELENDIA	RUBEN	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

Distrito: 04 Sección: 001 Mesa: A
Teleclub de Luaña

1.º APELLIDO 1.er APELLIDO	2.º APELLIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
PARIS	TOME	MARIA DEL MAR	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
FREIRE	SUAREZ	VICENTE	1º. VOGAL 1er VOCAL
MUÑIZ	CASTELO	MARIA TERESA	2º VOGAL 2º VOCAL

BOUZAS	LAMEIRO	MARIA VANESA	PRESIDENTE/A 1º Suplente <i>PRESIDENTE/A 1er. Suplente</i>
GOMEZ	LOZANO	VERONICA	PRESIDENTE/A 2º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
NUÑEZ	MAYO	JESUS	1º VOGAL 1º. Suplente <i>1er. VOCAL 1er. Suplente</i>
LOIS	ROMERO	ANA MARIA	1º VOGAL 2º Suplente <i>1er. VOCAL 2º Suplente</i>
FERNANDEZ	MOLDES	ROSA	2º VOGAL 1er. Suplente <i>2º VOCAL 1er. Suplente</i>
CUNS	CASTAÑO	MARIA JESUS	2º VOGAL 2º Suplente <i>2º VOCAL 2º Suplente</i>

Distrito: 04 Sección: 001 Mesa: B
Antiga Escola de Cornanda

1.º APELLIDO <i>1.er APELLIDO</i>	2.º APELLIDO <i>2.º APELLIDO</i>	NOME <i>NOMBRE</i>	CARGO NA MESA <i>CARGO EN LA MESA</i>
CASAL	MARTINEZ	YOLANDA	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
DOSIL	NEO	BELEN	1º. VOGAL <i>1er VOCAL</i>
MOLDES	PAIS	MERCEDES	2º VOGAL <i>2º VOCAL</i>
GONZALEZ	ORDOÑEZ	AVELINO	PRESIDENTE/A 1º Suplente <i>PRESIDENTE/A 1er. Suplente</i>
MOLDES	PAIS	ISMAEL	PRESIDENTE/A 2º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
DOSIL	SOUTO	ALEJANDRO	1º VOGAL 1º. Suplente <i>1er. VOCAL 1er. Suplente</i>
BLANCO	FERNANDEZ	EVA	1º VOGAL 2º Suplente <i>1er. VOCAL 2º Suplente</i>
FREIRE	PEREIRA	JOSE RAMON	2º VOGAL 1er. Suplente <i>2º VOCAL 1er. Suplente</i>
RIVAS	OTERO	RUBEN	2º VOGAL 2º Suplente <i>2º VOCAL 2º Suplente</i>

Distrito: 04 Sección: 001 Mesa: C
Teleclub de Viceso

1.º APELLIDO <i>1.er APELLIDO</i>	2.º APELLIDO <i>2.º APELLIDO</i>	NOME <i>NOMBRE</i>	CARGO NA MESA <i>CARGO EN LA MESA</i>
GODOY	GONZALEZ	MANUEL	PRESIDENTE/A <i>PRESIDENTE/A</i>
FREIRE	ESPARIS	M. DEL CARMEN	1º. VOGAL <i>1er VOCAL</i>
FERNANDEZ	VILA	ROI	2º VOGAL <i>2º VOCAL</i>
BARCA	BARBAZAN	DAVID	PRESIDENTE/A 1º Suplente <i>PRESIDENTE/A 1er. Suplente</i>
CANTELAR	BARBAZAN	MARIA JESUS	PRESIDENTE/A 2º Suplente <i>PRESIDENTE/A 2º Suplente</i>
CAMBON	ESPARIS	PABLO JOSE	1º VOGAL 1º. Suplente <i>1er. VOCAL 1er. Suplente</i>
GOMEZ	SUAREZ	MARIA JOSE	1º VOGAL 2º Suplente <i>1er. VOCAL 2º Suplente</i>
FERNANDEZ	BARBAZAN	JOSE MANUEL	2º VOGAL 1er. Suplente <i>2º VOCAL 1er. Suplente</i>
ESPARIS	MARTINEZ	NOELIA	2º VOGAL 2º Suplente <i>2º VOCAL 2º Suplente</i>

Acórdase igualmente que para o suposto de que a Xunta Electoral de Zona, por estimación das alegacións que se presenten polos designados ou por outro motivo, solicite a designación dalgún novo membro de mesa, se faga uso da listaxe de nove suplentes por posto confeccionada como resultado do sorteo informático celebrado no día de hoxe.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González